

Verónica Martínez Delgado leu no seo do proxecto "A arte de ser muller nun mundo por compartir" un artigo que apunta á persistencia dun "machismo brando" na crítica, no contexto dunha "sociedade patriarcal que relega a muller aos espazos menos visibles". Mais, fronte a esta dinámica xeral, abríriase paso a crítica feminista a través de espazos como A Segá, recoñecida por Ramón Nicolás como avance "interesante" cara a unha necesaria maior "presenza de críticas que aborden o que se publica con honestidade e cun crite-

rio que debería ser sempre plural e aberto".

Nese mesmo artigo, Ana Salgado salienta as carencias dunha crítica

Hexemonía e marxes

que moitas veces incumpre a súa "función selectiva e dialéctica" ao evitar os xuízos negativos. Aínda que tamén poderían citarse exemplos da

tendencia oposta. Cumpriría, por outra banda, distinguir a crítica académica da máis divulgativa, e dentro destas a hexemónica e a situada nas marxes. Gonzalo Herme cita a Mario Regueira ou Roi Vidal como exemplos de "total asimilación" da crítica antipatriarcal. Advirte porén Isaac Lourido de que ás veces na literatura feita por homes reproducense de modo involuntario discursos paternalistas a respecto do feminismo. Malia que existan, tamén, autores e autoras que foron revisando o seu propio pensamento sobre a cuestión.